



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Extracto da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns/ás cualificados/as en modalidades deportivas individuais durante a temporada deportiva 2020-2021, convocatoria 2022

BDNS (identif.): 611509

De acordo co que dispoñen os artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/611509>)

De conformidade co que establecen os artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o Extracto da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns/ás cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada deportiva 2020-2021, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias desta subvención as persoas físicas que sexan deportistas federados/as, de categorías de base ata absoluta, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (exclúiranse, polo tanto, os/as persoas que practiquen deportes de equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran algún dos requisitos que establecen as bases.

Segundo. Obxecto

A finalidade desta subvención é fomentar a práctica deportiva e incentivar os/as deportistas ourensáns/ás cualificados/as mediante o recoñecemento da súa traxectoria e rendemento deportivo.

Terceiro. Bases reguladoras

Acordo da Xunta de Goberno do 21 de febreiro de 2022, polo que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións a deportistas ourensáns/ás cualificados/as en modalidades deportivas individuais durante a temporada 2020-2021.

Cuarto. Importe

O importe da consignación prevista ascende a un total de 30.000,00 euros, con cargo á aplicación 341.11/482.00 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase a partir do día seguinte ao de publicarse este extracto de convocatoria no BOP de Ourense e finalizará o 31 de marzo de 2022.

Ourense, 21 de febreiro de 2022. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

### Diputación Provincial de Ourense

*Extracto de la convocatoria del concurso para la concesión de subvenciones a deportistas ourensanos/as cualificados/as en modalidades deportivas individuales durante la temporada deportiva 2020-2021, convocatoria 2022*

BDNS (identif.): 611509

*De conformidad con lo que establecen los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria, cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones*

*(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/611509>)*

*De conformidad con lo que disponen los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el Extracto de la convocatoria del concurso para la concesión de subvenciones a deportistas ourensanos/as cualificados/as en modalidades deportivas individuales durante la temporada deportiva 2020-2021, cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):*

*Primero. Beneficiarios*

*Podrán ser beneficiarias de esta subvención las personas físicas que sean deportistas federados/as, de categorías de base hasta absoluta, y exclusivamente de modalidades deportivas individuales (se excluirán, por tanto, los practicantes de deportes de equipo) de nacionalidad española o residentes legales en España, que cumplan alguno de los requisitos que establecen las bases.*

*Segundo. Objeto*

*La finalidad de esta subvención es fomentar la práctica deportiva e incentivar a los/as deportistas ourensanos/as cualificados/as mediante el reconocimiento de su trayectoria y rendimiento deportivo.*

*Tercero. Bases reguladoras*

*Acuerdo de Junta de Gobierno de 21 de febrero de 2021, por el que se establecen las bases reguladoras y se anuncia la convocatoria de subvenciones a deportistas ourensanos/as cualificados/as en modalidades deportivas individuales durante la temporada 2020-2021*

*Cuarto. Importe*

*El importe de la consignación prevista asciende a un total de 30.000 euros, con cargo a la aplicación 341.11/482.00 de los presupuestos de la Diputación Provincial de Ourense para el ejercicio 2022.*

*Quinto. Plazo de presentación de solicitudes*

*El plazo de solicitud se iniciará a partir del día siguiente al de publicarse este extracto de convocatoria en el BOP de Ourense y finalizará el 31 de marzo de 2022.*

*Ourense, 21 de febrero de 2021. El presidente.*

*Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.*

R. 358

### Deputación Provincial de Ourense

Para os efectos oportunos, publícase que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense adoptou, na súa sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2022, o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns/ás cualificados/as en modalidades deportivas individuais durante a temporada deportiva 2020-2021, convocatoria 2022, consonte as seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é regular a tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións a deportistas ourensáns/ás cualificados/as en modalidades deportivas individuais durante a temporada 2020-2021, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva e incentivar os e as deportistas ourensáns cualificados mediante o recoñecemento da súa traxectoria e rendemento deportivo.



### Segunda. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias das subvencións obxecto destas bases as persoas físicas que sexan deportistas federados/as, de categorías de base ata absoluta, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíranse, por tanto, os/as practicantes de deportes de equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Que posúan ficha federativa por algún club deportivo da provincia de Ourense durante a temporada 2020-2021.

b) Aqueles/as deportistas que non posúan licenza federativa por ningún club ourensán na temporada 2020-2021, pero, malia o anterior, se mantivesen vinculados/as ao deporte ourensán durante esa temporada, sempre que exista unha causa xustificativa do feito de que non dispoñan de licenza federativa nun club ourensán, como a inexistencia de clubs ourensáns desa disciplina ou especialidade deportiva, a inadecuación destes clubs para o seu nivel de rendemento deportivo ou a necesidade de residir fóra de Ourense por motivos familiares, laborais ou académicos, ou calquera outra causa que xustifique a dita circunstancia.

### Terceira. Disponibilidades orzamentarias

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 30.000,00 euros.

### Cuarta. Contía máxima das subvencións

As subvencións terán unha contía máxima de 3.000,00 euros por solicitante. Poderán concederse subvencións de diferente contía, en función dos méritos e categoría dos/as deportistas solicitantes.

Quinta. Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación

### Quinta 1. Lugar e forma de presentación

As solicitudes, subscritas pola persoa interesada ou polo seu ou súa representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade, da seguinte maneira:

a) As persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coa Administración para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionárense a través de medios electrónicos.

b) As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica están obrigadas a relacionárense electronicamente coas administracións públicas.

### Quinta 2. Prazo de presentación

O prazo improrrogable de presentación iníciase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións e rematará o 31 de marzo de 2022. Este será o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

### Quinta 3. Documentación que debe presentarse

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para acreditar que se cumpren os requisitos para participar na convocatoria; en segundo lugar, documentación avaliable, para a valoración dos méritos do/a solicitante.

O detalle da documentación administrativa e avaliable que debe presentarse é o seguinte:

#### a) Documentación administrativa:

a. 1) Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modo oficial, recollido no anexo I destas bases.

a. 2) No caso de que a solicitude sexa presentada a través dun/dunha representante, deberá achegarse unha autorización escrita asinada polo/a interesado/a, na que se autorice o/a dito/a representante a solicitar a subvención ou axuda. Non será precisa esta autorización no caso de solicitudes de menores de idade subscritas polo pai, nai ou titor/a legal.

a. 3) Os/as solicitantes incluídos/as na letra a), da base segunda, deberán achegar a licenza do club deportivo da provincia de Ourense ao que pertencen.

a. 4) Os/as solicitantes incluídos/as na letra b), da base segunda, por inexistencia de clubs ourensáns da súa disciplina ou especialidade deportiva, deberán achegar unha certificación emitida polo órgano correspondente da federación competente, acreditativa desta circunstancia, e a licenza federativa do club ao que pertencen.

a. 5) Os/as solicitantes incluídos/as na letra b) da base segunda por causas diferentes á sinalada no parágrafo anterior deberán achegar unha declaración responsable onde conste a causa xustificativa de que non posúan licenza federativa nun club ourensán, ademais, a licenza federativa do club ao que pertencen.

En todo caso, nos supostos a que se refire este apartado a.5) a Deputación Provincial, durante a instrución do expediente, poderá requirirles ás persoas solicitantes que presenten documentación adicional que de xeito motivado se considere necesaria para unha correcta acreditación da circunstancia xustificativa de que se trate. Concederáselle, ao/á interesado/a un prazo de dez días hábiles para tal efecto.

a.6) Declaración responsable comprensiva do feito de non incurrir o/a solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ab día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Para formular esta declaración, deberá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

A declaración poderá ir subscrita polo/a solicitante ou polo seu ou súa representante legal, pai, nai ou titor/a.

a.7) Declaración da persoa solicitante da subvención na que figuren o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

A declaración poderá ir subscrita polo/a solicitante ou polo seu ou súa representante legal, pai, nai ou titor/a.

a.8) Aqueles peticionarios que non presentaran resultados deportivos nos meses anteriores ao final do prazo de presentación das solicitudes, por mor dunha lesión ou enfermidade que impidise a súa participación na competición, deberán presentar un certificado médico que acredite a lesión que padecen.

a.9) Autorización, segundo o modelo anexo IV, para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso da publicación da proposta provisional de resolución e do acordo de resolución do concurso. A presentación deste documento non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao/á interesado/a relativa á emenda de deficiencias na solicitude e ao acordo de resolución do concurso. A información correspondente publicarase exclusivamente a través da sede electrónica e da web da Deputación, e ademais no BOP, no caso da resolución do procedemento, conforme o que sinalan as bases 7.<sup>a</sup> e 10.<sup>a</sup>, respectivamente.

a.10) De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os/as solicitantes



acheguen o seu DNI ou documento equivalente de acreditación da súa identidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas. Non obstante, no caso de que o/a solicitante se opoña expresamente a que a Deputación realice esta consulta, deberá achegar o seu DNI ou documento equivalente coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse o/a solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente. Concederáselle un prazo de dez días hábiles para presentalos.

**b) Documentación para a valoración da solicitude:**

Méritos deportivos recollidos no anexo V. Para os efectos desta convocatoria, a temporada enténdese comprendida entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

É obrigatorio cubrir completamente todos os apartados do anexo V da convocatoria. Exclúiranse da valoración aqueles apartados que non veñan debidamente cubertos e asinados pola federación deportiva correspondente. Para estes efectos, o anexo deberá vir certificado pola Secretaría da federación galega correspondente, que acreditará que os méritos deportivos alegados son certos. No caso de que o anexo se emita nun documento en papel, a sinatura e o selo da Secretaría da Federación deben figurar en cada páxina.

Naqueles supostos nos que o anexo V, acreditativo dos méritos do deportista e certificado pola federación galega correspondente, se rexistre de entrada fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria para presentar solicitudes de subvención, non será admitido a trámite, salvo que o/a solicitante acredite que presentou o escrito de solicitude dos méritos ante a federación galega en prazo.

En todo caso, para efectos informativos e co fin de facilitar a xestión do procedemento, recoméndaselles aos/ás interesados/as que soliciten a certificación da federación deportiva con antelación suficiente.

Ademais, e con carácter exclusivamente informativo, o/a solicitante poderá incorporar toda aquela documentación que enriqueza o seu expediente, como recortes de prensa, dossier persoal, páxinas web, fotos, etc. Neste sentido, faise constar que a dita documentación adicional deberá presentarse en tamaño folio A4 e cun máximo de 5 folios.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

**Quinta. Regras de presentación en papel da documentación esixible**

Cando os/as interesados/as presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na Oficina de Asistencia ao Cidadán en Materia de Rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outro lugar dos que se establecen legalmente.

No caso de presentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial, a oficina dixitalizará os documentos e emitirá unha copia electrónica autén-

tica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránselle no acto á persoa interesada, xunto cun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Para estes efectos, a documentación presentada debe entregarse na oficina debidamente ordenada e en follas soltas de tamaño DIN A-4, sen grampar nin encadernar, co fin de facilitar o proceso de dixitalización dos documentos.

**Quinta 5. Regras de presentación telemática da documentación esixible**

Cando os/as interesados/as opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación. Procederán do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, deberán cubrir a solicitude e os anexos I, II, III e, se o desexan, IV, que estarán dispoñibles na sede electrónica e na web desta deputación provincial.

b) En segundo lugar, deberán dixitalizar e incorporar á solicitude o resto da documentación esixible conforme á base quinta.3. En canto ao documento anexo V, poderá obterse na propia sede e unha vez impreso e deberá ser asinado e selado pola secretaria da Federación e dixitalizarse posteriormente.

c) Unha vez cubertos a solicitude e os anexos I, II, III e IV, e achegado o anexo V asinado e selado pola Federación, así como o resto da documentación, deberán asinar electronicamente e enviar a súa solicitude. Automaticamente xerárase o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica que establece o artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Quinta 6. Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada**

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, e sen prexuízo da posibilidade de requirir documentación complementaria no suposto sinalado no apartado 3.a).5 desta base, a documentación avaliable, non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

**Sexta. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude**

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos/as solicitantes baséase no que dispoñen os apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para cumprir o que dispón a lexislación xeral de subvencións, así como para comprobar que se cumpren os requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do/a interesado/a do procedemento.

2. En cumprimento do que establece o artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos/ás interesados/as o seguinte:

a) A responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presi-



dente, José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa O Progreso, n.º 32, 32003, Ourense, teléfonos 988 317 600/1 e correo: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa O Progreso, n.º 32, 32003, Ourense, teléfono 988 317 600 e correo: DPD@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do que establece a lexislación xeral de subvencións, que comprobará que o/a solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario/a, e para valorar a súa solicitude. Ademais, e en cumprimento dos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí recollida, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na web provincial [www.depourense.es](http://www.depourense.es) as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos/as solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos desde a publicación e poderán, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben por solicitude dos/as interesados/as, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto da documentación que consta no expediente atoparase á disposición doutros/as interesados/as no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos/as interesados/as non se poidan publicar.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para cumprir as obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para satisfacer a finalidade de interese público (fomento da práctica deportiva e incentivo aos e ás deportistas ourensáns cualificados) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para tramitar a solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderanlles ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen, para formular reclamacións ou interpor recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos de resolver os recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para exercer as funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do que dispón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno,

tras o expediente previo contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos que establece a dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme o que dispón a lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os/as interesados/as poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos que recollen estas bases.

Poderá formularse, igualmente, a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do/a interesado/a, nos termos que estipula o artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co que dispón o artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os/as interesados/as poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se adoptarán decisións automatizadas nin se elaborarán perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente fixados nesta cláusula.

Sétima. Procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para mellorar a documentación avaliable, sen prexuízo da posibilidade de requirir documentación complementaria no suposto sinalado na base quinta.3, apartado a).5.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para emendar as deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Ao abeiro do que dispón o artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas cualificados/as en modalidades deportivas individuais para o ano 2022. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións que establece a base



5.ª apartado 3 a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal; publicarase unicamente na antedita web.

Para presentar esta documentación, poderá utilizarse como escrito de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e unha vez instruído o expediente pola Sección de Subvencións, este pasará á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme as regras seguintes:

a) Con respecto aos/ás peticionarios/as que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase unha proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto dos/as peticionarios/as, proporase a súa admisión a trámite e formúlase a proposta de valoración das solicitudes conforme os criterios que recolle a base novena.

3. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos/ás interesados/as por un prazo de dez días hábiles, mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns e ourensás cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada 2020-2021. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións que establece a base 5.ª apartado 3a), non se realizará ningún tipo de comunicación persoal; publicarase unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os/as interesados/as poderán formular as alegacións que consideren oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerase definitiva e continuarase coa tramitación conforme o que dispón a base 9.ª.

#### Oitava. Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o deputado delegado de Facenda.

Vogais:

A interventora da Deputación ou o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O secretario xeral da Deputación ou o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O xefe do Servizo de Deportes ou o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

Un/unha técnico/a deportivo/a de recoñecida e contrastada competencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións ou o/a funcionario/a que legalmente a substitúa, coas funcións propias dunha secretaria ou secretario de actas.

Se é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos/as e expertos/as de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como persoal asesor da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación que recolle o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As actuacións da comisión documentaranse en acta, que será asinada polo presidente e pola Ssecretaria.

#### Novena. Criterios para a concesión de subvencións

Para a concesión das subvencións, así como para fixar a súa contía, a Comisión de Valoración observará os seguintes criterios:

1) Ter sido beneficiario/a destas subvencións durante o pasado ou pasados exercicios, pola continuidade que deben ter estas axudas.

2) Ter participado en campionatos galegos convocados polas súas respectivas federacións.

3) Ter participado en campionatos de España convocados polas súas respectivas federacións.

4) Ter participado en campionatos de Europa convocados polas súas respectivas federacións.

5) Ter participado en campionatos do mundo convocados polas súas respectivas federacións.

6) Ter participado en xogos olímpicos.

7) Ter sido seleccionado coa Selección Galega para probas oficiais.

8) Ter sido seleccionado coa Selección Española para probas oficiais.

9) Ter participado noutras competicións relevantes como Copas do Mundo, Campionatos de España Universitarios, Universiadas, Xogos Mediterráneos ou competicións de similares características.

10) Ter a consideración durante esta temporada de “deportista galego/a de alto nivel e/ou deportista nacional de alto nivel”.

11) Tamén se valorará a permanencia en centros de alto rendemento e tecnificación nacionais ou autonómicos, ou a participación en xornadas ou concentracións nacionais.

12) A traxectoria do/a deportista nas últimas tempadas que permita coñecer a progresión deportiva do/a solicitante.

13) Posuír outras especiais circunstancias deportivas, razoando de xeito motivado en que consisten.

Os criterios referenciados anteriormente valoraranse para cada deportista e adxudicaranse as puntuacións que se indican conforme ao baremo que se sinala a continuación:

A) Ter sido beneficiario/a destas axudas en edicións anteriores:

4 puntos cada vez que estivo incluído/a no grupo primeiro.

3 puntos cada vez que estivo incluído/a no grupo segundo.

2 puntos cada vez que estivo incluído/a no grupo terceiro.

1 punto cada vez que estivo incluído/a no grupo de axudas extraordinarias.

B) Participación en campionatos, outras competicións relevantes e en rexistros de deportistas:

Este apartado avaliará:

B.1. Os resultados obtidos polo/a deportista nas diferentes competicións autonómicas, estatais ou internacionais.

B.2. A súa inclusión nas seleccións oficiais galega ou española.

B.3. A súa inclusión nos rexistros oficiais de deportistas autonómico ou/e estatal e a estancia en centros de alto rendemento e tecnificación nacionais ou autonómicos, ou a participación en xornadas de tecnificación de ámbito estatal.

Asignaranse as puntuacións do xeito seguinte, ata os máximos indicados en cada caso:



### Campionato Galego

Categoría	Olímpica				Non olím.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Sénior	45	30	23	8	20	10	5	2
Júnior	30	15	8	3	10	5	3	1
Base	15	8	5	2	5	3	1	0

### Campionato de España

Categoría	Olímpica				Non olím.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Sénior	90	75	60	45	30	20	15	10
Júnior	60	45	30	15	20	15	10	5
Base	30	23	15	8	10	5	3	1

### Campionato de Europa

Categoría	Olímpica				Non olím.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Sénior	150	135	120	90	60	50	40	30
Júnior	90	75	60	45	40	30	20	10
Base	45	30	15	8	20	10	5	2

### Campionato do Mundo

Categoría	Olímpica				Non olímpica			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Sénior	300	225	150	115	100	80	60	50
Júnior	150	120	90	75	60	50	40	30
Base	90	75	60	45	40	30	20	10

### Xogos Olímpicos

Disciplinas olímpicas: ata 500 p. (soamente en anos olímpicos)

Outras competicións relevantes

Categoría	Olímpica		Internac.		Estatal		Non olím.	
	Podio	Participa	Podio	Particip.	Podio	Participa	Podio	Particip.
Sénior	70	45	30	25	30	20	15	10
Júnior	55	30	25	15	20	15	10	5
Base	30	23	15	8	10	5	3	1



#### Selección Galega

Disciplinas olímpicas: sénior (ata 45 p.), júnior (ata 30 p.) e base (ata 15 p.)

Disciplinas non olímpicas: sénior (ata 20 p.), júnior (ata 10 p.) e base (ata 5 p.)

#### Selección Española

Disciplinas olímpicas: sénior (ata 90 p.), júnior (ata 60 p.) e base (ata 30 p.)

Disciplinas non olímpicas: sénior (ata 30 p.), júnior (ata 20 p.) e base (ata 10 p.)

Inclusión en rexistros oficiais de deportistas

Deportista galego/a de alto nivel: 300 puntos

Deportista nacional de alto nivel: 300 puntos

Estancia en centros e xornadas de tecnificación deportiva:

Estancia en centros nacionais: 50 puntos

Estancia en centros autonómicos: 30 puntos

Participación en xornadas de tecnificación deportiva nacionais: ata un máximo de 10 puntos

#### C) Traxectoria do/a deportista

Este apartado avaliará a traxectoria do/a deportista nas últimas catro anualidades. As puntuacións asignaranse en atención aos criterios seguintes:

A valoración realizarase polos datos obtidos do anexo correspondente, por resultados deportivos dos últimos catro anos, e de conformidade cos seguintes aspectos:

1. A todo/a deportista que presente unha traxectoria descendente, ou que non presente unha participación en campionatos oficiais, galegos ou nacionais, no último ou últimos anos, asignaráselle 0 puntos.

2. Os/as deportistas que manteñan unha traxectoria de resultados relevantes a nivel galego nos últimos anos serán valorados con ata 50 puntos, en función da súa categoría. (20-30-50)

3. Os/as deportistas que presenten unha traxectoria de resultados relevantes que supoñan unha proxección nacional serán valorados con ata 75 puntos, en función da súa categoría. (40-60-75)

4. Por último, os/as deportistas que presenten unha traxectoria de resultados relevantes que supoñan unha proxección internacional serán valorados con ata 100 puntos, en función da categoría. (50-75-100)

Na valoración deste apartado C) terase en consideración o reflectido polo/a solicitante nesta temporada. Non deberá haber unha asignación automática de puntos neste apartado, se non hai unha confirmación de resultados deportivos nesta temporada.

#### D) Outras especiais circunstancias deportivas

Neste apartado, a comisión avaliadora poderá puntuar de xeito razoado, e ata un máximo de 40 puntos, aquelas especiais circunstancias deportivas que teñan difícil encaixe nos apartados anteriores.

#### E) Regras de aplicación de determinados criterios de valoración:

##### E.1. En relación coas categorías deportivas por idades:

En relación con este aspecto, e ante a enorme dificultade e diversidade de categorías das distintas disciplinas deportivas, establécese, a este respecto, a seguinte catalogación xeral:

Sénior: categoría absoluta da modalidade.

Júnior: categoría inmediatamente inferior a sénior. Nalgunhas federacións será júnior, pero noutras a denominación é "xove", "promesa", "xuvvenil" "sub 19", "sub-23" etc.

Base: todas as etapas de formación anteriores a júnior e sénior

Á Comisión de Valoración corresponderalle, no caso de dúbidas, determinar en cal das tres categorías se incluíra o/a deportista solicitante.

##### E.2. En relación coa inclusión no apartado de seleccións:

Só se terá en consideración a inclusión nas seleccións galega ou española e puntuarase unha soa vez por temporada deportiva.

No caso de acreditar convocatoria nas dúas seleccións, unicamente se valorará a de maior puntuación.

##### E.3. En relación coa puntuación dos campionatos galegos ou/e españois

Co fin de unificar criterios para todas as federacións e dada a diversidade, heteroxeneidade e tipoloxía de campionatos nacionais e autonómicos, soamente se terá en consideración exclusivamente un só resultado, o mellor, por deportista, por campionato e por temporada deportiva.

Esta regra responde á existencia de federacións de disciplinas deportivas que realizan un campionato de inverno e outro de verán, de ámbito nacional e autonómico. Pola contra, outras federacións só realizan un anual.

##### E.4. En relación coa consideración de resultados individuais:

Só se terán en consideración resultados individuais no apartado de competicións e traxectoria deportiva. Non se valoran probas de conxunto ou grupo. Por exemplo, nas probas de 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, ou supostos análogos.

Pola contra, incluíranse os resultados colectivos no apartado de "formar parte de seleccións galega ou española" cando figuren os resultados de competicións formando parte dalgunha delas.

En todo caso, para ter en consideración algún resultado, terán que participar polo menos dez deportistas na competición de que se trate

##### F. Puntuación mínima e clasificación en grupos:

Unha vez coñecida a puntuación final, a Comisión de Valoración, en atención ao número de solicitudes presentadas, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións.

Para outorgar axudas, establécese unha clasificación en grupos, en atención á importancia e categoría dos/as deportistas baremados/as e a puntuación obtida, para os únicos efectos de determinar as contías das subvencións e asignase unha contía fixa por grupo (1.º, 2.º, 3.º e axudas extraordinarias).

##### Décima. Resolución

A proposta definitiva da Comisión de Valoración remitíraselle á Xunta de Goberno da Deputación, para que a resolva. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde que remate o prazo de corrección de deficiencias documentais, se for o caso, ou desde que finalice o prazo de presentación das solicitudes. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do que dispoñen estas bases ou a lexislación aplicable, en cuxo caso lle solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, que formule unha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá presentar esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme a proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do que establecen as bases e a lexislación vixente.

As axudas entenderanse aceptadas, agás que os/as beneficiarios/as comuniquen expresamente o seu rexeitamento no prazo de dez días desde que se publique o acordo de resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos que dispoñen estas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa con-



cesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos do artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de realizar unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao/á seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

**Décimo primeira. Publicidade do acordo de concesión**

Ao abeiro do que dispón o artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas cualificados/as en modalidades deportivas individuais para o ano 2022, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos/ás solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións que regula a base 5.ª apartado 3a) punto 9, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, onde se lles advertirá da publicación da resolución na sede electrónica. Se non presentan a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

**Décimo segunda. Xustificación e pago da subvención**

As subvencións consideraranse xustificadas coa achega da certificación acreditativa dos méritos deportivos alegados, requirida na documentación para valorar a solicitude, na base quinta, apartado b).

Sen prexuízo do anterior, a Intervención da Deputación poderá realizar as funcións oportunas de inspección e control financeiro, de conformidade co que establece a Lei xeral de subvencións.

O pago das subvencións realizarase mediante a entrega do talón nominativo correspondente por parte do presidente da Deputación Provincial de Ourense, nun acto público, cuxo lugar e data de realización se lles comunicará oportunamente aos/ás beneficiarios/as, ou mediante unha transferencia bancaria, segundo proceda.

**Décimo terceira. Obrigas dos beneficiarios**

Con carácter xeral, os/as beneficiarios/as asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos/as ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos que establece a dita lei.

**Décimo cuarta. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas**

1. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles:

a) Con calquera outra axuda ou patrocinio público ou privado que poidan recibir os/as deportistas.

b) Con calquera subvención pública que teña unha finalidade diferente, sen prexuízo do que establece o apartado 2.

c) Con subvencións públicas para a mesma finalidade, sempre que sexan concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do Inorde

2. Sen prexuízo do anterior, ningún deportista individual poderá recibir da Deputación Provincial de Ourense ou do Inorde subvencións durante o exercicio 2022 que, en conxunto, sumen un importe superior a 3.000 euros, polo que, se for o caso, na resolución desta convocatoria axustarase o importe concedido das subvencións que correspondesen para que non se exceda o dito límite.

No suposto de que as subvencións xa concedidas pola Deputación ou o Inorde tivesen un importe igual ou superior a 3.000 euros, non procederá a concesión de subvención ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que a resolución do concurso poida realizar un recoñecemento formal do mérito deportivo do/a solicitante.

**Décimo quinta. Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións**

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas que dispón o artigo 37 da Lei xeral de subvencións, tramitarase un expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do/a beneficiario/a; graduarase de acordo co principio de proporcionalidade.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao/á interesado/a un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que considere convenientes. Unha vez concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

**Décimo sexta. Normativa supletoria**

En todo o que non dispoñen estas bases seralles de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o que regula a normativa de subvencións aplicable á Administración Local, así como a lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra este acordo, pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao de publicarse este anuncio no BOP.

Ourense, 21 de febreiro de 2022. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luís Fernández Fernández.